

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 31 DE OUTUBRO DE 2014**

### **LICENZAS FAVORABLES.**

**LIC/615/2014.- Jerónimo Pérez Noya e M<sup>a</sup> del Carmen Rivadulla Rodríguez.-** Conceder a licenza para executar obras de adaptación de parcela situada na rúa Chouchiños para desenvolver a actividade de aparcamento provisional ao aire libre para 46 prazas de aparcamento.

### **PARCELACION.-**

**LIC/1260/2014.- Antonio Allende Liñares.-** Autorizar a licenza de parcelación dunha finca sita no Lugar da Estación de Verdía, 27.

### **2.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á licenza de parcelación de finca no lugar de Estación de Berdía, nº 27.**

Aprobouse unha licenza de parcelación para unha finca de 2.197 m<sup>2</sup> no lugar da Estación de Verdía, que permitirá, de acordo coas prescricións das ordenanzas de aplicación, a creación de dúas parcelas de 1.360 e 837 m<sup>2</sup>.

### **3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á devolucións de fianzas.**

Autorizouse a devolución de dúas fianzas por un importe conxunto de 13.638 euros, depositadas para responder á execución dos servizos urbanísticos afectados polas obras de dúas promocións de 21 vivendas (cos seus garaxes e rochos) na rúa Budapest, na zona do PERI do Vieiro.

### **17.- Propostas de diversas concellarías relativas a Devolución de Fianzas.**

Tamén se acordou a devolución doutras fianzas a empresas que executaron obras ou realizaron subministros para o concello. En concreto son 4 fianzas por importe conxunto de 14.491 euros.

### **4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á licenza de obra de adaptación de parcela na rúa Chouchiños para aparcamento provisional ao aire libre.**

A Xunta de Goberno autorizou as obras de adaptación dunha parcela na rúa Chouchiños, preto do Complexo Hospitalario Universitario, para desenvolver a actividade de aparcamento provisional ao aire libre para 46 prazas de aparcamento.

### **5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa á Designación dun Supervisor do Contrato dos servizos de Conservación de Zonas Verdes Municipais, Arbolado Viario e Xardiñeiras.**

Foi designado para a supervisión dos traballos do contrato de conservación de zonas verdes, arbolado viario e xardiñeiras, o xefe do departamento de parques e xardín, José Antonio Mosquera Rodríguez.

### **6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa ao aprobación do Proxecto de Execución de actuacións previas á posta en funcionamento da actividade do Catalizador Cultural de Belvís.**

Para complementar as obras desenvolvidas no Catalizador Cultural de Belvís e facilitar a súa posta en funcionamento, a Xunta de Goberno acordou aprobar un proxecto de actuacións previas que consisten na execución dunha plataforma de 40 m<sup>2</sup> de superficie na fachada norte, que funcionará como terraza elevada a xeito de miradoiro sobre o parque, á altura do forxado da planta alta. O orzamento para esta actuación é de 60.417 euros e o prazo previsto é de 3 meses desde o perfeccionamento do correspondente contrato.

**7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Cultura e Patrimonio relativa á dación de conta da sinatura de convenios de colaboración.**

Por parte da Concellería de Cultura deuse conta da sinatura de 13 convenios en materia cultura, cuns contidos e importes que xa foran aprobados no seu día. Os convenios foron asinados co Padroado do Museo do Pobo Galego (9.180€), Sala Capitol (9.000€), A.C. Cidade Vella (8.190€), A.C. Francisco Asorey (2.000€), A.C. Rocha Forte (2.000€), A.C. O Galo (2.000€), Fundación Castelao (300€), Fundación Rosalía de Castro (3.825€), Conservatorio de Música Tradicional Folque (8.000€), Patronato Casa da Troia (3.600€), Ateneo de Santiago (3.400€), Fundación do Traxe Galego (3.825€) e Fundación Compostela Arquitectura (1.500€).

**8.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade relativa ao Subministro de prendas de confección a medida para o persoal da Policía Local 2014.**

Aprobouse a apertura do expediente de contratación para o subministro de prendas de confección a medida para o persoal da Policía Local, cun importe de licitación de 38.013 euros. A partida está dedicada a diferentes prendas con destino aos 142 efectivos deste corpo municipal.

**9.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa a anulación de pago proxecto MAPIS.**

Acordouse anular, conforme ao recollido no informe dos Servizos Sociais, unha axuda para a integración social ao constatarse que a persoa beneficiaria non estaba a cumprir os compromisos adquiridos no itinerario de intervención establecido.

**10.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos sociais relativa á dación de contas de concesión de subvención pola Consellería de Traballo e Benestar para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación**

A Xunta de Goberno foi informada da concesión dunha subvención da Consellería de Traballo e Benestar por un importe de 2.198 euros, destinada a colaborar en diversas actividades dirixidas á xuventude, no ámbito da educación non formal e da participación.

**11.- Proposta da concellería de Servizos Sociais relativa á aprobación do texto do Convenio nominativo coa Universidade de Santiago de Compostela para o programa Ruptura de parella non de familia.**

Acordouse a aprobación do convenio a subscribir coa Universidade de Santiago para a posta en marcha en 2014 do “Programa de ruptura de parella, non de familia” e “Programa de Mediación Familiar”, por un importe de 51.000 euros.

**12.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á resolución dos expedientes de solicitudes de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado no ano 2014.**

Aprobouse a resolución e as contías das subvencións para o fomento do deporte federado no ano 2014, cun valor total de 200.000 euros, con destino aos 49 clubs ou asociacións deportivas seguintes:

ENTIDADE	CANTIDADE (€)
Santiago de Compostela C.F.	8.860,80
C.D. Belvis	5.156,87
Victoria F.C.	3.598,27
Amio S.D.	6.160,00
Peña Bodegón Arzúa	5.400,04
S.D. Compostela	8.000,00
Zona Vella C.F.	3.151,85
C.F. Vista Alegre	4.700,00
Racing San Lorenzo	748,85
Escola Deportiva Santiago	187,21
A.D.B. Fontiñas	3.837,37
C.B. San Pelayo	1.600,00
C.B. Cluny	8.700,00
Fedesa	15.847,30
CAB Conxo	1.201,70
C.D. Inmaculada	1.172,99
C.B. Infor Santiago	1.274,34
CD SJB La Salle	9.967,12
C. Atletismo Milladoiro	2.100,00
C. Atletismo Fontes do Sar	4.395,00

C. Patinaxe Compostela	2.602,82
C. Patinaxe Campus Stellae	3.525,06
A.D. Galaika	2.277,00
Bushi-Kai Santiago	1.474,00
Conxo Tenis de Mesa	623,68
Arteal Tenis de Mesa	7.500,00
Dexter Triatlón Compostela	4.177,40
Club Triatlón Santiago	4.261,55
C. Hockey Compostela	8.200,00
Hockey Club Raxoi	4.192,55
Ximnasia Rítmica Compostela	2.135,21
Ximnasia Rítmica Viravolta	1.185,76
Club La Algalia	1.260,22
CD Natación Ciudad Santiago	6.000,00
C. Waterpolo Santiago	6.505,99
ADV Funeraria Apóstol FS	2.645,40
C. Balonmán Ribadosar	695,37
C. Voleibol Santiago	2.000,00
Motoclub Compostela	1.743,34
Alas Compostelanas	514,49
Santiago Rugby Club	5.780,00
Acade (Asoc. Cans Deportistas)	2.200,00
Club Loita Stellae	1.130,00
Soc. Caza e Pesca A Venatoria	1.775,00
C.D. Fontiñas	3.773,19
C.D. Conxo	11.407,82
A.D. Manuel Peleteiro	8.000,00
C.D. Compañía de María	4.285,08
Noitebra F.C.	2.068,24
<b>TOTAL</b>	<b>199.999,88</b>

**13.-** Propostas do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública-Área de Contratación relativas á recepción das obras de: "Reurbanización da rúa Raxoi-Fase II + Modificado" (Exptes. 88/2013 e 18/2014) e "Reurbanización da rúa Virxe Branca" (Expte. 5/13).

**15.-** Proposta do concelleiro de apoio do servizo de Obras e Proxectos relativa á recepción de obras de estabilización de noiro na traseira de edificio na rúa Betanzos, nº 37-39-41/Proxecto modificado.

Acordouse iniciar os trámites para a recepción de tres obras de Reurbanización na Avenida de Raxoi (2ª fase); da Rúa Virxe Branca, na zona do Castiñeiriño; e da estabilización de noiro na rúa Betanzos, na zona da Almaciga.

**14.-** Dación de conta pola Asesoría Xurídica, de Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, en relación ao expediente de Traballos de Actualización do Catastro sobre Inmobles Rústicos con Construcións.

A Xunta de Goberno foi informada da resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, en relación co recurso presentado por unha empresa (Eibisa Norte, S.L.) que foi excluída dun procedemento de contratación, por entender a mesa que non cumpría as determinacións recollidas no prego da licitación.

**16.-** Recoñecementos extraxudiciais de créditos.

Aprobouse un recoñecemento de créditos para facer fronte a 5 facturas de diferentes acredores, por un importe global de 113.674 euros.